

Plataforma veciñal “Si a un Rural Vivo”

MANIFESTO E SOLICITUDE ÁS ADMINISTRACIÓNS COMPETENTES PARA EVITAR A IMPLANTACIÓN DUNHA VITICULTURA INTENSIVA AGRESIVA CO MEDIO AMBIENTE NO VAL DO RÍO ULLA

Os que asinamos abaixo somos un grupo de veciños que residimos nas parroquias afectados pola subzona Ribeira do Ulla da Denominación de Orixe Rías Baixas, e que nos reunimos na Plataforma veciñal “Si a un Rural Vivo” ante a problemática ambiental que expoñemos neste escrito. A efectos de notificación o noso enderezo é Camanzo nº , Vila de Cruces (Pontevedra) e o correo electrónico siaunruralvivo@gmail.com

EXPOÑEMOS:

Nos últimos anos asistimos a unha alarmante transformación do noso val no que nos decatamos que grandes superficies da nosa masa forestal, do mosaico agropecuario e dos terreos que rodean as nosas casas estanse a converter en explotacións intensivas de viñedo con prácticas moi lesivas para a nosa saúde e o ambiente. O número indeterminado e crecente deste tipo de intervencións está producindo unha acumulación de impactos sinérxicos.

Os veciños vémonos indefensos ante esta transformación, no que capitais externos con axudas públicas perseguen sacar o máximo rendemento económico da nosa terra. Contrasta ver como proxectos moito máis irrelevantes sométense a procedementos de avaliación ambiental con participación pública e neste caso só asistimos a feitos consumados.

Os efectos desta transformación xa os empezamos a sentir e se intensificarán no futuro coa posta en explotación destes cultivos, en particular polos seguintes motivos :

Perda de masas forestais, con intensificación dos efectos cambio climático::

A masa forestal desta zona resistiu-se ata agora á intensificación que sufriu na maior parte de Galicia (se exceptuamos a provincia de Ourense), de xeito que se conservaron masas mixtas de piñeiro cunha importante compoñente de rexeneración de especies autóctonas (carballos, sobreiras, castiñeiros). Este tipo de formacións fixo ao este val como unha das zonas menos afectadas por incendios forestais. Os terreos forestais como os que se están transformando (non plantacións intensivas) son provedores de múltiples servizos ambientais, entre eles, a protección do solo e do ciclo hidrolóxico; a fixación del carbono atmosférico, fonte de diversidade biolóxica e elementos fundamentais da conectividade ecolóxica e da paisaxe (art. 4 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes). Estes servizos estanse perdendo na nosa contorna coas transformacións dos nosos bosques en cultivos de vide.

Ademais, a normativa de augas reconece un importante papel protector a este tipo de bosques sobre a calidade das augas, dada a súa contribución á fixación do solo, á redución da erosión e á absorción de parte da carga contaminante, como un factor de mitigación da contaminación agrícola difusa nos cursos fluviais.

En particular, estes bosques teñen un papel moi importante modulando o clima local, mantendo unhas condicións de temperatura e humidade ante a tendencia a variacións extremas ás que nos dirixe o cambio climático. De feito, a alta evapotranspiración dos bosques asegura un forte efecto de arrefriamento da súa contorna e é sobradamente coñecido que a perda dos bosques é unha das principais causas de desertización. Pola contra, os cultivos leñosos de vide están entre os que

máis favorecen a erosión do solo¹, coa conseguinte perda do carbono retido, da capacidade de infiltración e retención de auga e da recarga de augas subterráneas, coa consecuencia de que a paisaxe se volve máis propensa á seca.

Contaminación por produtos fitosanitarios:

O cultivo da vide para a produción industrial de viños é unha das prácticas agrícolas que maior uso fai de produtos fitosanitarios, moito máis que outros cultivos da nosa zona como son o millo ou o trigo². Ademais, na zona atlántica de Galicia a alta afección na vide por patoloxías fúxicas fai que os tratamentos sexan moito máis frecuentes, agravándose bastante máis no val do río Ulla, onde o monocultivo do albariño nunca foi unha práctica habitual e en todo caso o seu cultivo combinábase co de outras variedades máis resistentes.

Está amplamente demostrado que só unha pequena parte dos fungicidas que se aplican ao viñado retéñense realmente no cultivo, perdéndose no ambiente a maior parte do produto, que é potencialmente tóxico³. Estes produtos espállanse polo aire e son detectados no solo e nas augas das zonas afectadas. O persoal que aplica estes tratamentos ven protexido e só permanece un tempo reducido na zona, pero aos que vivimos aquí no nos queda outra que respirar ese aire contaminado todo o día e sen protección. A normativa europea recoñece que a pulverización aérea destes produtos pode causar efectos negativos significativos sobre a saúde humana pola deriva da pulverización. Algúns de nós xa estamos sufrindo o efecto das fumigacións e estes serán moito máis intensos cando todos eses terreos que agora mesmo se están preparando entren en produción.

Recientes investigacións realizadas en Francia sobre especies de aves que poden servir de sentinelas (sangre en merlos)⁴ e a propia poboación humana residente (orina)⁵ en zonas de viñedos alertan da existencia de niveis extremadamente altos de contaminación de fungicidas triazois, especialmente durante la época de dispersión destes produtos. Na actualidade existen moitas evidencias científicas de que a contaminación ambiental por fitosanitarios ten efectos agudos e crónicos sobre a saúde das persoas expostas (enfermidades neurolóxicas, endocrinas, inmunolóxicas, hepáticas, respiratorias, tumorais, etc.). Aínda que hoxe se consideren inocuos algúns destes agroquímicos, estamos vendo como os que así se consideran ao principio, co tempo demostran ter os ditos efectos.

Por outra, todos estes produtos fitosanitarios terminan depositándose no solo e contaminando as augas, tanto subterráneas como superficiais. O medio acuático é especialmente sensible a estes produtos, afectando gravemente aos seus ecosistemas, e o seu uso en zonas de captación de

¹ https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/desertificacion-restauracion/lucha-contra-la-desertificacion/lch_es_pana.aspx

² <https://ec.europa.eu/eurostat/web/products-statistical-books/-/ks-76-06-669>

³ Pesticide residues in vineyard soils from Spain: Spatial and temporal distributions. Eva Pose-Juan, María J. Sánchez-Martín, M. Soledad Andrades, M. Sonia Rodríguez-Cruz, Eliseo Herrero-Hernández. *Science of The Total Environment*, Volume 514, 1 May 2015, Pages 351–358. doi:10.1016/j.scitotenv.2015.01.076

⁴ Frédéric Angeliert et als. November 2022. High contamination of a sentinel vertebrate species by azoles in vineyards: a study of common blackbirds (*Turdus merula*) in multiple habitats in western France. **Environmental Pollution** 316(4):120655

⁵ Nicole Falette, Agneta Kiss, Agneta Kiss, M.-L. Bayle, Beatrice Fervers, Beatrice Fervers. July 2018. Seasonal variations of exposure to agricultural pesticides in residents proximate to vineyards: SIGEXPOSOME study. *Revue d'Épidémiologie et de Santé Publique* 66:S340 DOI: 10.1016/j.respe.2018.05.279

auga potable pode xerar riscos elevados na saúde humana, tal como recoñece a normativa da Unión Europea⁶.

Outras afeccións dos cultivos intensivos de vide:

- Efecto baleiro para a biodiversidade local (flora e fauna), interrompendo as dinámicas poboacionais e cerceando elementos que serven de refuxio e corredores ecolóxicos.
- Eliminación de elementos etnográficos e degradación de panorámicas con valor paisaxístico.
- Afección ao subministro das augas empregadas para o abastecemento, tanto por afectación directa ao circuíto da auga como por detracción.
- Os excedentes na fertilización con tecnosoles, que non están respectando as zonas de policía das augas, se incorporan ás augas subterráneas e superficiais.
- Perda de solo inherente a este tipo de cultivos⁷ que se incorpora na rede fluvial en forma de sólidos en suspensión, depositándose e degradando os leitos dos ríos e afectando ás comunidades acuáticas.

Transformacións realizadas no noso val:

Nas transformacións realizadas ou se están levando a cabo nin se respectan nin se adoptaron medidas as zonas con risco de erosión, nin as zonas de servidume dos cursos fluviais, as masas de bosque con función protectora ou as masas autóctonas nin, o que se considera especialmente grave, as proximidades dos núcleos rurais e das vivendas.. Tampouco se adoptaron medidas para previr os posibles efectos ambientais negativos. Mesmo se cortaron pequenas carballeiras próximas ás casas que poderían actuar como zona tampón, axudando a filtrar as partículas de funxicida do aire. Débese ter en conta ademais que a topografía do val fai que a renovación do aire estea máis limitada que noutras zonas, con frecuentes episodios de inversión térmica, o que agrava o problema da contaminación do aire por fitosanitarios.

A contaminación das augas polo uso intensivo de fitosanitarios afectará non só aos pozos dos veciños, senón que tamén ao subministro das augas empregadas para o abastecemento municipal, sendo especialmente exposta a captación do concello de Boqueixón. Cómpre dicir que as analíticas que se realizan para o control destas augas non cobren o espectro de produtos nocivos para saúde derivado dos tratamentos nos viñedos.

Ademais, o espallamento sen control destes viñedos intensivos xa está supoñendo un freo ao desenvolvemento doutras actividades máis sostibles. Así, as explotacións gandeiras están tendo problemas de dispoñibilidade de pasteiros e terreos para o cultivo de cereais que non estean afectados pola aplicación dos agroquímicos dos viñedos lindeiros.

Todo isto afecta ademais á biodiversidade da zona, por un lado os fitosanitarios utilizados e por outro os lodos erosionados acaban nos mananciais e leitos fluviais, afectando aos hábitats e especies que se pretenden protexer na ZEC Sistema Fluvial Ulla-Deza da Rede Natura 2000. Por outra banda, o abonado destas terras está sendo realizado en moitos casos con tecnosoles, sen que se respecten en ocasións a zona de policía das canles fluviais.

⁶ Preámbulo da Directiva 2009/128/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de outubro de 2009, polaa que se establece o marco da actuación comunitaria para conseguir un uso sostible dos praguicidas.

⁷

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/desertificacion-restauracion/lucha-contra-la-desertificacion/lch_espana.aspx

A perda de biodiversidade por esta transformación do noso val xa é notoria e de feito a raíz destas transformacións xa desapareceron diversas especies de aves antes presentes (pica das árbores, cotovía pequena, picanzo vermello, por exemplo).

Especialmente grave é o que pasou na parroquia de Donas, onde a transformación dos terreos para viñedos non respectou ningunha cautela ambiental e levou a que se perderan grandes cantidades de terra pola erosión hídrica, a que desapareceran varios regos por captacións de augas para a rega para as vides implantadas. Ademais, deforestación de amplas superficies de monte tivo como consecuencia que se extremaran os picos de augas pluviais, o que pode afectar aos bancos marisqueiros da ría de Arousa xunto coa deposición dos arrastres de finos.

SOLICITAMOS

Por todo o anteriormente exposto, os que abaixo asinamos mais 1000 veciños e familiares directos residentes na zona afectada, pedimos que:

- a) se deneguen todas as novas solicitudes de talas de masas forestais na zona para a súa transformación en viñedos, xa que as realizadas ate a data xa son excesivas e comprometen a nivel local os múltiples servizos ambientais do monte recollidos no art. 4 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes;
- b) que non se subvencione por parte da Administración novas superficies destinadas ao cultivo de viñedos de escala industrial que precisen tratamentos intensivo de fitosanitarios, xa que consideramos que a capacidade de acollida do noso territorio para este tipo de explotacións xa foi superado;
- c) que se protexan fronte a este tipo de cultivo a contorna dos núcleos rurais e vivendas e de explotacións agrarias ecolóxicas ou sostibles (orgánicos, biodinámicos, etc), as brañas e outras zonas húmidas e as ribeiras dos cursos fluviais.

Xuntamos a este escrito copia da petición destes mesmos puntos asinada por parte de máis de 1000 veciños dos concellos afectados da subzona Ribeira do Ulla e os seus familiares directos

Apoian ademais esta petición os seguintes colectivos:

-
-
-

Os que asinamos este escrito solicitamoslle, ademais, que nos proporcione a seguinte información:

- a) Os antecedentes que dispoñan no seu departamento sobre os cambios de uso do solo e establecemento de novas superficies de viñedo no noso val, (datos das superficies que se están transformando, permisos concedidos e trámites ambientais, incumprimentos detectados, no seu caso, os expedientes sancionadores que se teñen tramitado) dentro das súas competencias
 - b) A planificación que está desenvolvendo o seu departamento para adaptar o incremento das superficies de viñedos á capacidade de acollida deste territorio, preservar os elementos de interese ambiental, os servizos ecosistémicos, a calidade ambiental e a saúde dos veciños.
-

c) A valoración que fai o seu departamento dos problemas ambientais por nos apuntados e que decisións prevé tomar para evitar que se incrementen no futuro..

Agradeceríanoslle que nos concerte unha cita, xunto cos outros órganos implicados, para poder expoñerlles persoalmente as nosas inquedanzas e compartir perspectivas para darlles unha solución.

Asdo:

Todos os membros do grupo

**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA
AUGAS DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**
